

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE AGOSTO DE 2020

Ás 11:00 horas do día 7 de agosto de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 4 de agosto de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno.
D^a Dolores Bernardez Fernández, vogal suplente do xefe de servizos de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 2 e 4)
D^o José Ignacio Oliveira López, xefe Museos Municipais (asiste aos puntos 1 e 2)
D^a Luz María González Domínguez, Xefa Departamento Administrativo Alcaldía (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Dar conta do escritos presentados por FESMC UGT Pontevedra e Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega (CIG), con datas de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo 31/07/20 (doc nº 200139578) e 04/08/2020 (doc nº 200141642) respectivamente (2644-341)

O xefe do servizo de Museos Municipais na mesma sesión da conta a Mesa do escrito de alegacións dirixido á mesa de contratación presentado por don Benito López Pazos no Rexistro electrónico do Concello de Vigo na data 06 de agosto de 2020 en relación ao contrato de prestación de servizos de vixilancia de seguridade e o mantemento das instalacións de seguridade (expediente 2644-341).





Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:20	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA245-CCB9BC-23E552-WAJTMZ-N91QQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co artigo 326 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, a mesa non é o órgano competente para responder ás cuestións alegadas aos pregos dun procedemento, toda vez que lle corresponde ao órgano de contratación.

Á vista do exposto, a mesa por unanimidade dos presentes acorda dar traslado dos escritos presentados ao servizo de Contratación para que proceda a súa tramitación.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 31 de xullo de 2020, na data 3 de agosto de 2020, se concedeu un prazo de tres días á UTE OHL SERVICIOS INGESAN SA E INGESER ATLANTICA SL para que emendase a documentación persoal.

O anterior licitador presentou a documentación requerida en prazo. Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento á UTE OHL SERVICIOS INGESAN SA- INGESER ATLANTICA SL por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12650-111) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 31 de xullo de 2020, na data 3 de agosto de 2020, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. JESÚS ANTONIO GONZÁLEZ PUELLES CASAL
2. MARÍA DEL MAR DE VILLA, S.L.
3. PAULA LLORDÉN FERNÁNDEZ CERVERA

Dos anteriores licitadores, todos presentaron documentación en prazo.

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - JESÚS ANTONIO GONZÁLEZ PUELLES CASAL (Lote 1)
 - MARÍA DEL MAR DE VILLA, S.L. (Lote 3)

c) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - 1. PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.
 - 2. SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - 1. SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.: Falta Anexo II "declaración responsable"

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12650-111)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:20	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA245-CCB9BC-23E552-WAJTMZ-N91QQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días a un licitador para emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

Entrégase o informe asinado pola Xefa Departamento Administrativo Alcaldía o 4 de agosto de 2020 de valoración do sobre A "proposición avaliable mediante xuízo d e valor"

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.-.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" non sendo posible polo que, é necesario solicitar a asistencia telefónica da Plataforma de Contratación do Sector Público toda vez que consta dúas proposicións de ERP PUBLICIDAD SL: unha manual de data 21 de xullo de 2020, na que non consta o estado do licitador tras o acto de apertura da documentación administrativa e de xuízo de valor e outra electrónica de data 24 de xullo de 2020 na que consta o licitador como admitido.

Lémbrase a Mesa de Contratación que:

- A proposición manual é a recibida por correo enviado ao Servizo de Contratación exportada en formato xml de ERP PUBLICIDAD, S.L., ao abeiro do previsto na cláusula 14.1 do PCAP.

- E, a proposición electrónica é a proposición manual engadida á Plataforma de Contratos do Sector Público pola secretaria na sesión de 24 de xullo de 2020.

De acordo coas instrucións telefónicas da Plataforma de Contratación do Sector Público para poder continuar coa descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" é necesario que conste o estado do licitador na proposición manual polo que, debemos poñelo como excluído toda vez que xa se admitiu a súa proposición electrónica (que é a proposición manual engadida pola secretaria da Mesa de contratación na sesión de 24 de xullo de 2020).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:20	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA245-CCB9BC-23E552-WAJTMZ-N91QQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Tras o cambio do estado na proposición manual, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar ós prezos unitarios previstos no apartado 3G desta FEC (%).
1	ADECCO OUTSOURCING SAU	4,97 %
2	SACAFERRO SL	30 %
3	TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U.	10 %
4	DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS, S.L.	17,39 %
5	ERP PUBLICIDAD, S.L.	22 %

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP salvo DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS SL

Asisten á apertura D. David Martínez Domínguez, con DNI **.* 59.29*, en representación de DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Conceder un prazo de tres días a DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS SL.. para que poida presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:20	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA245-CCB9BC-23E552-WAJTMZ-N91QQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		